

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2017

Estimado Alberto Núñez Feijóo,

A inmensa traxedia que acaba de vivir Portugal causounos unha gran conmoción a todos os galegos e galegas. As dimensións desta catástrofe humana e ambiental son motivo de solidariedade e apoio nun momento tan complexo para o pobo portugués, con quen nos unen tantos vínculos históricos, culturais, lingüísticos e económicos.

Non podemos ficar á marxe da situación que vive Portugal, e o intelixente e preciso nestes momentos é tirar conclusións que axuden a evitar que unha situación semellante poda volver producirse dun lado ou doutro do Miño. A ninguén se lle escapa que na Galiza e en Portugal partillamos unha realidade forestal e territorial que ten grandes similitudes: abandono do rural e do monte, falta de ordenación forestal, fortísima presenza de especies foráneas e pirófitas (eucalipto e piñeiro), desestacionalización dos incendios alén do verán, precarización das condicións de traballo e do propio servizo de prevención e extinción de incendios forestais.... Estes son algúns dos trazos que presenta hoxe boa parte do noso monte. Convén tomarmos nota do acontecido e poñer en marcha un cambio de rumbo na política forestal galega e na loita contra os incendios forestais.

Desde o BNG vimos insistindo na necesidade de facer un grande acordo de país, que lle dea un xiro de 180 graos á xestión do monte galego e que faga unha aposta por un monte vivo, seguro e con futuro. Sabemos que os cambios precisan tempo, mais é urxente sentar a dialogar para poñer en marcha unha xestión do monte adaptada á nosa realidade, que pense no interese xeral e deixe de hipotecar o noso futuro polos intereses de empresas contaminantes como Ence.

Por este motivo, solicítoche que poidamos manter un encontro en que poder trasladar as propostas que o BNG ten en materia de política forestal, de cara a **poñer en marcha un grande acordo de país que sente as bases para unha nova política forestal**, que deixe atrás os erros cometidos durante as últimas décadas.

Atentamente,



Ana Pontón Mondelo,
Portavoz nacional do BNG